

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 26 DE DECEMBRO DE 2008.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E VINTECINCO MINUTOS** do día **VINTESEIS DE DECEMBRO DE DOUS MIL OITO**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D<sup>a</sup>. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia da señora tenente de Alcalde **DONA MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e o concelleiro **D<sup>o</sup> GERARDO LAZARA MOREDA** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

Non asiste: **DON MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.-**

**2º.- CONTRATACIÓN.-**

**3º.- SUBVENCIONES.-**

**4º.- URBANISMO.-**

**5º.- INTERVENCIÓN.-**

**6º.- SERVICIOS SOCIAIS.-**

**ROGOS E PREGUNTAS.-**

**1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.-**

**1.1.-** Escrito de D<sup>o</sup> Juan José Salgueiro Montouto, Rexistro de Entrada nº 6414, de data 13 de decembro de 2008, solicitando autorización para ter acceso os arquivos municipais co fin de poder ollar o libro de Actas dos Plenos e das Permanentes celebradas antes do ano 1.975, por estar levando a cabo un estudo das concentracións parcelarias realizadas neste concello.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado.

**1.2.-** Escrito da Patrulla do Seprona de Lalín, Rexistro de Entrada nº 6417, de data 15 de decembro de 2008, remitindo acta-denuncia/inspección nº 2008-101219-00000251, contra D<sup>o</sup> José Lázara Failde, con domicilio na rúa Do Trasdeza, nº 84 de Silleda, por abandono de

vehículo nun descampado próximo a “Maderas Rensuar”, na parroquia de Chapa (Silleda).

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado deste escrito a Dº José Lázara Failde para que alegue o que estime oportuno ou proceda a retirada do vehículo, en caso contrario iniciárase expediente sancionador.

**1.3.-** Escrito da Explotación Minera de Campomarzo S.A., Rexistro de Entrada nº 6463, de data 16 de decembro de 2008, remitindo relación dos vertidos recepciónados durante o mes de outubro de 2008 no “Vertedero de RCDs de Silelda”, que ascenden a un total de 3.986,05 Tm.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**1.4.-** Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 6534, de data 22 de decembro de 2008, expediente DH.B36.14528 a nome de Dº Antonio Moreira Villar, remitindo resolución de data 15 de decembro de 2008 de recoñecemento de dereito e inscrición no rexistro de augas de unha mina situada no polígono 23, parcela 307, referencia catastral 36052A023003070000KI, na parroquia de Manduas (Bandeira-Silleda) cun caudal medio de auga de 0,05 litros/segundo, para rega.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

## **2º.- CONTRATACIÓN.-**

**2.1.-** Dase conta do proxecto de obra de “Acondicionamento do Centro Social da parroquia de Escuadro” de data decembro de 2.008, con un importe que ascende a 101.412,14 euros (Cento un mil catrocentos doce euros con catorce céntimos) IVA incluído.

Visto que o sinalado proxecto de obras non está previsto no presuposto municipal, a aprobación do proxecto será competencia do Pleno, de conformidade co disposto no artigo 22.2 ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local.

Visto sin embargo que se trata dunha competencia delegada na Xunta de Goberno Local, en virtude do acordo plenario adoptado na sesión de data 13 de xullo de 2.007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobar o proxecto de obra de “Acondicionamento do Centro Social da parroquia de Escuadro” de data decembro de 2.008.

**SEGUNDO:** Notificar o presente acordo ó Ministerio de Administracións Públicas (MAP) ós efectos de que a sinalada obra poida ser financiada a través do Fondo Estatal de Inversión Local.

**2.2.-** Dase conta do proxecto de obra de “Acondicionamento de aceras dende a estrada

N-525 ata o Centro Social da parroquia de Lamela” de data decembro de 2.008, con un importe que ascende a 46.492,97 euros (Cuarenta e seis mil catrocentos noventa e dous con noventa e sete céntimos) IVA incluído.

Visto que o sinalado proxecto de obras non está previsto no presuposto municipal, a aprobación do proxecto será competencia do Pleno, de conformidade co disposto no artigo 22.2 ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local.

Visto sin embargo que se trata dunha competencia delegada na Xunta de Goberno Local, en virtude do acordo plenario adoptado na sesión de data 13 de xullo de 2.007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**PRIMERO:** Aprobar o proxecto de obra de “Acondicionamento de aceras dende a estrada N-525 ata o Centro Social da parroquia de Lamela” de data decembro de 2.008.

**SEGUNDO:** Notificar o presente acordo ó Ministerio de Administracións Públicas (MAP) ós efectos de que a sinalada obra poida ser financiada a través do Fondo Estatal de Inversión Local.

**2.3.-** Vista a necesidade deste Concello de contratar o servizo de Asesor Técnico - Dpto de Urbanismo, por finalización o contrato do actual asesor en data 31 de decembro de 2.008, nun prezo que ascende á cantidade de 1.673,27 □□□, e 267,72 □□□ de IVE (cantidades mensuais), e durante o período de dous meses comprendidos do 1 de xaneiro de 2.000, ó 28 de febreiro de 2.009.

Por tratarse dun contrato cúa execución se iniciará no ano 2.009 o presente gasto queda subordinado ó crédito que para o sinalado exercicio se consigne no orzamento.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**PRIMEIRO.** Levar a cabo o servizo de Asesor Técnico-Dpto. Urbanismo mediante o procedemento do contrato menor, con Dº Lino Manuel Doporto Framil, con D.N.I. nº 35.314.345-F e domicilio na rúa Fernández Ladreda, nº 15-7ºE de Pontevedra, por un importe de 1.673,27 □□□, e 267,72 □□□ de IVE (cantidades mensuais)

**SEGUNDO.** Aprobar o gasto correspondente á prestación do servizo Asesor Técnico-Dpto. Urbanismo unha vez entre en vigor o orzamento municipal para o exercizo 2.009.

**TERCEIRO.** Unha vez realizada a prestación, incorpórese a factura e tramítese o pago se procede.

**CUARTO.** Notificar a resolución ao adxudicatario.

**2.4.-** Visto que a Xunta de Goberno Local , na súa sesión de data 31 de outubro de 2.008 acordou aprobar o expediente e os Pregos de Cláusulas Administrativas para a adxudicación da subministración mediante renting de dúas máquinas fotocopiadoras, por procedemento negociado sen publicidade, así mesmo procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.

Visto que, solicitáronse ofertas a tres empresa e segundo consta no certificado de secretaria de data 13 de novembro de 2008, unicamente foi presentada unha oferta en tempo e forma.

Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 14 de novembro de 2008 acordouse adxudicar provisionalmente o contrato de subministración mediante a modalidade de renting de dúas máquinas fotocopiadoras á empresa DIN Documentación e Imagen del Noroeste-Pontevedra S.L., polo prezo de 12.400,00 euros IVE incluído.

Visto que a adxudicación provisional notificouse ó adxudicatario, requeríndolle para que presentara a documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar, así como constituír a garantía definitiva.

Visto que o adxudicatario presentou os documentos xustificativos esixidos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**PRIMEIRO.** Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de suministro mediante a modalidade de renting para dúas máquinas fotocopiadoras á empresa DIN Documentación e Imagen del Noroeste-Pontevedra S.L., polo prezo de 12.400,00 euros IVE incluído.

**SEGUNDO.** Dispoñer o gasto con cargo á partida 121/209.00 do presuposto vixente de gastos.

**TERCEIRO.** Notificar a adxudicación definitiva ós candidatos que non resultaran adxudicatarios.

**CUARTO.** Notificar a DIN Documentación e Imagen del Noroeste-Pontevedra S.L., adxudicatario do contrato, o presente acordo e citarlle para asinar o contrato.

**2.5.-** Dada a necesidade deste Concello de contratar o servizo de asistencia xurídica, que comprende entre outros a representación e defensa do concello en accións xudiciais de calquera orde xurisdiccional, dado que no vindeiro mes de xaneiro finaliza o contrato actualmente en vigor.

O prezo do contrato ascendería á cantidade de 24.000,00 euros IVE incluído.

Dada a característica do servizo parece que o procedemento máis adecuado é o

procedemento negociado sen publicidade, por todo elo

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**PRIMEIRO.** Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato do servizo de asistencia xurídica por procedemento negociado sen publicidade.

**SEGUNDO.** Que por Secretaría emítase informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

**TERCEIRO.** Que se redacten os correspondentes Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que han de rexer o Contrato e o proceso de adxudicación.

**CUARTO.** Que polo Interventor se faga a retención de crédito que acredite que existe crédito suficiente e axeitado para financiar o gasto que comporta a celebración deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

## **2.6.- "Mejora y acondicionamiento de la calle Emilio Alonso Paz"**

Dada a necesidade deste Concello de realizar as obras denominadas "Mejora y acondicionamiento de la calle Emilio Alonso Paz"

Visto o Proxecto de Obras redactado pola arquitecta técnica Araceli Fernández Pena, cun orzamento que ascende 118.883,00 euros, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de decembro de 2.008 e que será financiado con cargo ó Fondo Estatal de Inversión Local creado polo Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de Novembro.

Visto que o prezo do contrato ascendería á cantidade de 102.485,35 euros e 16.397,65 euros de IVE.

Dada a característica da obra parece que o procedemento máis axeitado é o procedemento negociado sen publicidade.

Por todo elo, a Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, acorda:

**PRIMEIRO.** Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato de obras de "Mejora y acondicionamiento de la calle Emilio Alonso Paz", por procedemento negociado sen publicidade, por razón da contía, de conformidade co disposto no artigo 161.2 da Lee de Contratos do Sector Público.

**SEGUNDO.** Que por Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

**TERCEIRO.** Que polo Interventor se informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, aos efectos de determinar o órgano

competente para contratar, se faga a retención de crédito, e acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

CUARTO. Que se redacte o correspondente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato e o proceso de adxudicación.

### **2.7.- "Mejora y acondicionamiento de la calle Santa Olaia"**

Dada a necesidade deste Concello de realizar as obras denominadas "Mejora y acondicionamiento de la calle Santa Olaia"

Visto o Proxecto de Obras redactado polo arquitecto técnico D. José Pereiras Sánchez, cun orzamento que ascende a 111.684,80 euros, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data de data 16 de decembro de 2.008 e que será financiado con cargo ó Fondo Estatal de Inversión Local creado polo Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de Novembro.

Visto que o prezo do contrato ascendería á cantidade de 96.280,00 euros e 15.404,80 euros de IVE.

Dada a característica da obra parece que o procedemento máis axeitado é o procedemento negociado sen publicidade.

Por todo elo, a Xunta de Goberno Local, acorda:

PRIMEIRO. Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato de obras de "Mejora y acondicionamiento de la calle Santa Olaia", por procedemento negociado sen publicidade, por razón da contía, de conformidade co disposto no artigo 161.2 da Lee de Contratos do Sector Público.

SEGUNDO. Que por Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

TERCEIRO. Que polo Interventor se informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, aos efectos de determinar o órgano competente para contratar, se faga a retención de crédito, e acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

CUARTO. Que se redacte o correspondente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato e o proceso de adxudicación.

### **3º.- SUBVENCIONES.-**

#### **3.1.- Xustificación de subvencions para actividades culturais/deportivas.**

Visto que a Xunta de Goberno Local acordou nas súas sesións de data 14 de xullo de 2.008 (Actividades Culturais) e 23 de setembro de 2008 (Actividades Deportivas) conceder, entre outras, as seguintes subvencións ós beneficiarios que se indican a continuación:

ASOCIACIÓN/COLECTIVO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA	SUBVENCIÓN XUSTIFICADA	TOTAL
Colectivo para a recuperación do Castro de Toiriz	750,00	3.316,00	750,00
Asoc. de Veciños Olaia de Silleda	1.500,00	3.646,04	1.500,00
Asoc. Amigos de Silleda	300,00	1.397,60	300,00
Clube de Fútbol Lamela	3.000,00	3.777,28	3.000,00
Asociación Cultural Vista Alegre.	3.500,00	3.694,87	3.500,00

Visto que as referidas subvencións teñen un carácter condicionado que deberá ser xustificado documentalmentemente ante a Intervención Municipal ós efectos do cumprimento da lexislación aplicable, en relación co fin previsto polas Bases Reguladoras Específicas da Convocatoria para o Outorgamento de Subvencións para Actividades Culturais no Concello de Silleda.

Vista a documentación xustificativa presentada polas Asociacións/Colectivos anteriormente mencionados.

Visto asimismo o informe favorable de Intervención, de data 23 de decembro de 2.008.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar a xustificación das subvencións para actividades culturais mencionadas anteriormente, a dar traslado deste acordo á Intervención para que proceda o seu pagamento.

**3.2.-** Escrito da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 6568, de data 26 de decembro de 2008, comunicando resolución da mencionada Consellería, de data 20 de novembro de 2008, na que se desestima a solicitude de subvención para implantación dun núcleo de sostibilidade (Orde de 11 de xuño de 20087 - DOG nº 118 de 19.06.08), por non acadar a solicitude unha das cinco maiores puntuación de acordo co establecido no artigo 9.2. da Orde.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

#### **4º.- URBANISMO.-**

##### **4.1.- Actividades Clasificadas.**

**4.1.1.-** Licencia Nº 6898/07. Visto o expediente instruído a instancia de Dº Venancio Rancaño Álvarez, en representación de RESTAURANTE PARRILLADA BON XATO, S.L.,

solicitando Licencia para acondicionamento e apertura de local para dedicalo a restaurante, a situar na rúa Xeral, s/n (Silleda)

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 16 de maio de 2008, (Rexistro de Entrada nº 2667 de data 29.05.08) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como molesta, SCD, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) Traballará coas portas e as fiestras pechadas e ventilación forzada. A saída de gases e fumes da cociña será ao cumio da edificación por conducto independente. Instalará cámara separadora de graxas, para tratar as augas da cociña, previo ó entronque coa rede de sumidoiros. Cumprirá o disposto na normativa vixente en materia de contaminación acústica, e en particular a ordenanza de ruidos do Concello. Instalará limitador precintado para 70 dB(A) no/s equipo/s musical. Todo equipamento dotado de motor/es estará debidamente equilibrado estática e dinámicamente e en bó estado de conservación, e apoiarase sobre material absorbente/elástico que asegure a minimización de ruído e/ou vibracións, e afastado de partes estruturais que poidan actuar como transmisoras de ruidos e/ou vibracións. O equipamento de ventilación/climatización contará con illamento acústico e antivibratorio, disporá de elementos ralentizadores da velocidade de saída do aire viciado e as saídas localizaranse apartadas de ocos e/ou ventás de vivendas próximas. Xestionará todos os residuos xerados na actividade, segundo sexa a súa tipoloxía, con xestores autorizados conforme co disposto na normativa vixente. Vixiaranse especialmente, que as condicións de almacenamento e os prazos de entrega o xestor, de todo tipo de residuos, sexan as que se recollen na normativa vixente.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou



instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

**4.1.2.-** Licencia Nº 2603/06. Visto o expediente instruído a instancia de D Xosé Ignacio Rodríguez Eguibar, en representación de SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO, solicitando Licencia para conservación e adaptación á normativa vixente do Camping de Medelo-Silleda, sito no Lugar de Medelo, parroquia de Manduas (Silleda).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Consellería de Sanidade (Delegación Provincial de Pontevedra), este Organismo, con data 20 de setembro de 2006, Rexistro de Entrada nº 4044, de 26.09.06, informa favorablemente o proxecto presentado en canto ás condicións hixiénico-Santarias.

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 28 de setembro de 2006, (Rexistro de Entrada nº 4175 de data 04.10.06) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como molesta, SCD, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.

RESULTANDO: Que elevado ó Servizo de Vías e Obras da Excm. Depuación Provincial de Pontevedra, este Organismo, con data 13 de outubro de 2006, Rexistro de Entrada nº 4494, de 26.10.06, infórmase favorablemente.

RESULTANDO: Que elevado á Dirección Xeral de Urbanismo, este Organismo emiteu resolución con data 26 de xuño de 2007, rexistro de entrada nº 3107, de data 06 de xullo de 2007 concede autorización coas seguintes condicións:

- De conformidade co disposto no artigo 42.1a) da Lei 9/2002, a persoa interesada fará constar no Rexistro da Propiedade a vinculación da total superficie real do predio á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ó uso e edificabilidade que a continuación se relacionan, e deberalle remitir ao Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial de Pontevedra, antes do inicio das obras e implantación do uso, certificación do Rexistro da Propiedade na que consten os seguintes extremos:

- |                             |                         |                 |
|-----------------------------|-------------------------|-----------------|
| - Titular do predio:        | Concello de Silleda     |                 |
| - superficie do precio:     | 31.000 m2.              |                 |
| - Ref. Catastral do predio: | - Libro: 207 de Silleda | - Folio: 61     |
|                             | - Tomo: 725             | - Finca: 35.909 |

- outros: Condicionada a demolición do bungalow que non cumpre a distancia a lindeiros.

RESULTANDO: Que elevado á Dirección Xeral de Ferracorriles - Ministerio de Fomento, este Organismo, con data 16 de xaneiro de 2008, Rexistro de Entrada nº 387, de 25.01.08, infórmase que non se atopa inconveniente en continuar a tramitación do expediente obxecto do informe, sempre e cando as obras previstas dentro da zona de protección non implique un incremento do volumen da construción (artigo 26, Sección III, Capítulo III, Título I do Real Decreto 2387/04 polo que se aproba o Regulamento do Sector Ferroviario) e se corrixa as deficiencias atopadas na documentación remitida (Plano U4). Para as actuacións previstas cumpríranse as distancias mínimas ás que obriga a Lei 39/2003, do Sector Ferroviario, en canto á zona de dominio público, zona de protección e límite de edificación. Ademais, a actuación proposta deberá atenerse ó disposto na lexislación estatal, autonómica e local en materia de ruidos e vibracións. Asimesmo, non comportará para o ferrocarril, nin para a empresa explotadora do mesmo, carga algunha e, en ningún caso, suporá afectación á correcta explotación ferroviaria.

RESULTANDO: Que elevado ó Servizo Provincial de Turismo - Consellería de Innovación e Industria, este Organismo, con data 18 de xuño de 2008, Rexistro de Entrada nº 3517, de 04.07.08, infórmase favorablemente a realización das obras de rehabilitación e adaptación das instalacións do camping, así como as obras de diminución do número de parcelas sempre que se adapten ó proxecto.

RESULTANDO: Que elevado a Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, este Organismo, con data 15 de outubro de 2008, emítese resolución en relación coa solicitude de autorización de vertido de augas residuais depuradas procedentes do Camping de Medelo, sito no Concello de Silleda (Expediente DH.V36.14520).

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (Servicio de Urbanismo e Inspección Territorial); Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental); Delegación Provincial da Consellería de Sanidade; Delegación Provincial da Secretaría Xeral para o Turismo (Servizo de Turismo); Administrador de Infraestructuras Ferroviarias- Ministerio de Fomento; Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente (Aguas de Galicia) e Diputación Provincial de Pontevedra (Vías e Obras), non podendo comenzar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a

este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licenza; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

**4.1.3.-** Licencia N° 7191/07. Visto o expediente instruído a instancia de D° RAMÓN FELINO MOREIRA COSTOYAS, solicitando Licencia para ampliación de estabulación de gando vacún de leite, a situar na finca n° 17, polígono 14 do plano catastral, no lugar de Souto, parroquia de Lamela (Silleda).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 01 de decembro de 2008, informa en sentido favorable, calificando dita actividade como molesta, insalubre e nociva, CD 012.42, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) A fosa terá capacidade de almacenamento en repouso para 3-4 meses, será estanca e impermeable e con peche perimetral e en ningún momento poderán existir vertidos directos ao medio natural. A auga de abastecemento contará cun sistema de cloración permanente que garana a potabilidade da auga de consumo ademais haberá que proceder a súa inscrición perante o organismo Augas de Galicia. Os residuos que se xeren durante a actividade, se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía. A utilización de esterco coma fertilizante agrícola seguirá as indicacións do Código Gelego de Boas Prácticas Agrarias, respectando as distancias mínimas e as cantidades máximas permitidas por Ha segundo o RD 261/1996 de 16 de febreiro de protección contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias e o RD Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da lei de augas.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licenza provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comenazar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva de actividade, para o que será indispensable que

se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; estando exento do pago da taxa do ICIO de conformidade co establecido no artigo 4 da Ordenanza Fiscal Municipal, Reguladora do Imposto sobre Instalacións Construcción e Obras.

**4.2.-** Escrito de D<sup>a</sup> Carmen Ramona García Varela, Rexistro de Entrada nº 6492, de data 18 de decembro de 2008, presentando denuncia, alegaciones e solicitando reposición da legalidade urbanística alterada contra as obras de construción de un galpón e un portal no lugar da Igrexa, parroquia de Breixa, por parte de D<sup>o</sup> José Ramón Mosquera Cabaleiro, así como, no seu caso, impugnar a licencia que ampare dita actividade, caso de existir, en base as alegacións presentandas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir este escrito á Oficina Técnica Municipal ós efectos de que emitan informe para determinar si a esquina é terreo público ou privado.

#### **5<sup>o</sup>.- INTERVENCIÓN.-**

**5.1.-** Visto o informe emitido pola Intervención do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00094-08, de data 26 de decembro de 2008, ascendendo a mesma a un importe total de 27.782,76 € (Relación en Anexo adxunto).

#### **6<sup>o</sup>.- SERVIZOS SOCIAIS.-**

**6.1.-** Dase conta do informe emitido pola Traballadora Social de Atención Primaria deste Concello, D<sup>a</sup> Lucía Alonso Fernández, sobre a solicitude de alta no Servicio de Axuda a Domicilio, correspondente a D<sup>o</sup> Alfredo Fernández Mosquera, con domicilio no lugar de Barradaos, nº 8, parroquia de Saidres (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe anteriormente mencionado, acorda prestar aprobación á solicitude de alta no Servicio de Axuda a Domicilio de D<sup>o</sup> Alfredo Fernández Mosquera.

#### **ROGOS E PREGUNTAS**

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e trinta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,